

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 15 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de subvencións para a adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo, en desenvolvemento do plan de renovación e mellora do comercio galego.

A evolución da sociedade e dos hábitos de consumo obrigan o pequeno e mediano comercio a un necesario proceso de modernización da súa xestión e á súa adecuación continuada para poder adaptarse ao seu contorno competitivo.

Esta situación fixo necesaria a elaboración dun conxunto de medidas, dentro do marco dunha política de comercio interior, que lle asegure ao sector tradicional do comercio a posibilidade de adaptarse ás novas necesidades que exixen as actuais circunstancias económicas, non só para garantir a súa supervivencia, senón tamén, para posibilitar que este tipo de comercio lle siga proporcionando á sociedade boa parte dos servizos de abastecemento, proximidade, diversificación de oferta e mantemento dos conxuntos urbanos que desde sempre prestaron, mediante a creación dun plan de renovación e mellora do comercio galego, que se orienta a dar resposta aos problemas actuais do sector, e que ten como obxectivo xeral adaptar os recursos materiais e as tecnoloxías ás necesidades do sector, e mellorar o poder de negociación e capacidade de investimento das pequenas e medianas empresas comerciais establecidas en Galicia.

As axudas establecidas na presente orde non se suxeitan ao trámite de concorrencia competitiva, debido á súa propia natureza e dado que a súa concesión vén determinada polo cumprimento por parte dos comerciantes dos requisitos establecidos na propia orde, así como a experiencia adquirida na súa tramitación en exercicios anteriores, que permite prever atender todas as solicitudes.

A teor do exposto, e en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. O obxecto da presente orde é a convocatoria para o ano 2006 do programa de axudas que ten por finalidade a renovación do comercio retalista galego e a incorporación das novas tecnoloxías da información á xestión dos establecementos comerciais co obxectivo de adoptar as súas estruturas ao seu contorno de maneira máis competitiva.

2. Serán beneficiarios os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís

e comunidades de bens, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade en establecementos comerciais ou no comercio ambulante no territorio galego, e que, se é o caso, os investimentos se realicen en establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas que figuran no anexo III da presente orde. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e, se isto non fose posible de determinar, atenderase a superficie de venda destinada a cada actividade.

c) Que non superen os dez traballadores.

d) Que os seus locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada a exposición e venda ao público. (Quedan excluídos para o cómputo da dita superficie as oficinas, almacén, salas de refrixeración, talleres e outros locais dedicados á elaboración ou manipulación de produtos, aulas, aseos, etc.), salvo no caso dos vendedores ambulantes.

e) Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. Poderán sen obxecto de subvención os seguintes investimentos.

1.1. Os conceptos subvencionables:

* Equipamentos para o proceso de información (ordenadores persoais de sobremesa, servidores, impresoras, equipos multifunción, scanners e similares) destinados a aplicacións de contabilidade, facturación, almacén e automatización das vendas.

* Aplicacións informáticas de carácter xenérico ou estándar destinadas aos fins sinalados no punto anterior; neste caso deberase presentar unha pequena descrición das súas principais funcións e a súa relación coa mellora da xestión da actividade comercial.

* O deseño e implantación de sistemas de venda non presenciais (comercio electrónico).

* Paxinas web promocionais do establecemento comercial.

* Equipamentos portátiles (ordenadores, axendas electrónicas, PDA e similares), soamente no caso de vendedores ambulantes, ou naqueles casos que se acredite suficientemente a súa necesidade polo tipo de actividade que se realiza, non subvencionándose en ningún caso máis dun equipamento por comerciante.

* Caixas rexistradoras.

- * Terminais punto de venda.
- * Lectores ópticos de códigos de barras.
- * Sistemas de medición e pesaxe de mercadorías.
- * Sistemas de etiquetaxe.
- * Sistemas de alarma e equipamentos anti-furto incorporados ao produto.
- * Fotocopiadoras e aparellos de teléfono e fax.
- * Equipamentos para o tratamento de temperatura do produtos.

1.2. Conceptos excluídos de subvención:

- * Cámaras dixitais.
- * Hardware e software que de forma clara non se poida relacionar cunha mellora da xestión comercial, tales como programas de revelado e impresión de fotografías, tratamento da imaxe e son, deseño, obras de consulta que non correspondan á actividade desenvolvida, programas de lecer, etc.

2. Non terán carácter subvencionable os investimentos realizados mediante contratos de arrendamento financeiro ou outras modalidades de financiamento, nin se computará como investimento a compra de mercadorías obxecto de comercialización pola empresa beneficiaria.

Quedarán así mesmo excluídos de subvención os investimentos solicitados polos beneficiarios en conceptos da mesma natureza xa subvencionados nas convocatorias de axudas dos anos 2004 e 2005, salvo que se trate da apertura por parte do comerciante dun novo establecemento comercial.

3. O destino das axudas obxecto da presente convocatoria serán os investimentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2006 ata a data de finalización da xustificación dos investimentos, de acordo co establecido no artigo 8º da presente orde, en cada un dos establecementos comerciais que así o soliciten, e que sexan destinados ao exercicio da actividade comercial.

Artigo 3º.-Contía e ámbito.

1. Para a concesión das subvencións, propias dos investimentos que se convocan, destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria 10.05.521A. 770.1 «Modernización do comercio retalista», destinándose para o financiamento daquelas a cantidade de 1.330.000 euros.

Aplicación orzamentaria: 10.05.521 A770.1.

Ano 2006: 1.330.000 euros.

Esta cantidade poderá incrementarse en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. Para poder optar á subvención establécese unha contía mínima de investimento subvencionable de 1.000 euros, IVE excluído. O investimento máximo subvencionable será do 12.000 euros, salvo no caso de deseño de sistemas de venda non presenciais e

páxinas web, nas cales o investimento máximo subvencionable será de 3.000 euros, IVE excluído.

3. Dentro dos límites establecidos no punto anterior a contía máxima de subvención que se outorgará será do 40% do investimento subvencionable, IVE excluído, non obstante, a porcentaxe de subvención que se outorgará poderá acadar ata o 50%, IVE excluído, para os investimentos vinculados á incorporación por parte do comerciante ou beneficiario da axuda a un proxecto dunha ou varias agrupacións de comerciantes que asuman conxuntamente a realización dalgunha das seguintes actuacións: medios de pagamento, planos de fidelización, acceso á internet, operacións de comercio electrónico e sistemas de xestión integral da empresa, centrais de compras e servizos, que deberá ter o visto e prace previo da Consellería de Innovación e Industria. O citado proxecto deberá ser presentado para a súa validación antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 4º da presente orde.

En ambos os dous casos a porcentaxe de subvención que se aplicará sobre o investimento subvencionable incrementarase en dez puntos cando o establecemento comercial se atope en concellos de menos de 5.000 habitantes de acordo co Real decreto 1358/2005, do 18 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2005.

4. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións, ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 70% do investimento subvencionable.

5. Estas axudas quedan sometidas ao réxime de axudas de mínimos, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (100.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) nº 69/2001 da Comisión da Unión Europea, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos (DOCE nº L10, do 13-1-2001).

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñen suscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A solicitude de subvención, segundo modelo normalizado do anexo I, irá acompañada da documen-

tación que a continuación se relaciona por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada, polo menos unha delas:

a) Documentos acreditativos da personalidade ou identidade do solicitante (DNI ou CIF no caso de sociedades) e, se é o caso, da representación na cal se actúa.

b) Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.

c) Documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores e último recibo de cotización no réxime de Seguridade Social correspondente.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas nas cales figura dado de alta o solicitante.

e) Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio, neste último caso se o solicitante está dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, deberá acreditar que a súa actividade principal é subvencionable segundo datos de facturación ou, no seu defecto, de superficie de venda.

f) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional; así como declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o anexo II da presente orde.

g) Breve memoria descritiva do proxecto e obxectivos que se pretenden acadar.

h) Orzamentos ou facturas pro forma do investimento que se vai realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo solicitante.

i) Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

j) Certificación acreditativa expedida pola asociación ou agrupación de comerciantes correspondente, de que este investimento se enmarca dentro dun proxecto global promovido por elas, se é o caso.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 15 de maio de 2006.

Artigo 5º.-Criterios de selección de proxectos.

As solicitudes resolveranse por rigorosa orde de entrada, priorizando aquelas que presenten a docu-

mentación completa en todos os seus aspectos, en canto exista consignación orzamentaria.

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

1. As solicitudes e a documentación presentada xunto con aquelas serán examinadas polas respectivas delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

2. Se a solicitude e/ou a documentación que se xunta non reúnen os requisitos establecidos nos artigos 1º e 4º requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da recepción do citado requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar dos solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Completada a documentación, a delegación provincial correspondente, atendendo aos criterios de selección sinalados no artigo 5º, emitirá o correspondente informe-proposta de resolución dos proxectos seleccionados na provincia respectiva.

5. O conselleiro de Innovación e Industria, á vista dos informes proposta de resolución, ditará as resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións que procedan.

6. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas e expresarán, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a subvención concedida e a contía desta ou, se é o caso, o motivo da denegación.

O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os únicos efectos de optimización dos créditos dispoñibles. No caso contrario, e logo de requirimento por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario segundo o modelo de anexo IV, no que se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde da convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da presente orde.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de axuda ou subvención.

Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

c) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos recollidos no punto anterior, cun límite de 40 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo de instrución do correspondente expediente, en que se lles dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 8º.-Xustificación dos investimentos.

1. As subvencións concedidas faranse efectivas unha vez que se presenten por duplicado, preferentemente en orixinal ou no seu defecto copia compulsada, os documentos que a continuación se relacionan:

a) Facturas xustificativas da materialización do investimento, indicando nelas concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativos do pagamento dos investimentos realizados.

b) Certificados de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas baixo ningún concepto coa Xunta de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

c) Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera de seus organismos, entes ou sociedades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais segundo anexo II da presente orde.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideran adecuados. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala poderá entenderse que renuncia á axuda ou subvención concedida.

3. A falta de presentación da xustificación implicará a anulación da subvención concedida.

4. A documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención deberá ser presentada polo beneficiario con data límite o día 2 de outubro de 2006. Excepcionalmente, e para as solicitudes estimadas como consecuencia do incremento das dispoñibilidades de crédito, poderá establecerse unha data distinta na resolución de concesión.

A documentación acreditativa da xustificación presentarse na respectiva delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Pagamento da axuda ou subvención.

1. O libramento da subvención farase nun único pagamento mediante transferencia bancaria unha vez xustificado o investimento, para o cal se lle unirá a documentación de xustificación que se indica no artigo anterior, certificación expedida pola entidade bancaria onde se vai realizar o aboamento, en que conste o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código da conta corrente.

2. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto e o investimento realizado non sexa inferior á contía mínima establecida no artigo 3º.2. En caso de concorrencia con outras axudas aplicarase o establecido no artigo 3º.4.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde de convocatoria esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que coiden procedente.

Artigo 11º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda ou subvención.

b) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que está ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control que poidan exercer os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Todos os investimentos deberán permanecer polo menos tres anos desde a súa concesión no establecemento comercial declarado polo beneficiario na solicitude, salvo petición razoada á Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

No caso de vendedores ambulantes deberán declarar, na solicitude, o lugar en que se localizan os investimentos.

Excepcionalmente, de maneira razoada, poderá presentarse para a súa autorización pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo, solicitude de cambio de localización do investimento.

Artigo 12º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. Non poderá exixirse o pagamento da axuda ou subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos, falseando as condicións requiridas para a súa concesión, ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou a non adopción do comportamento para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das distintas administracións públicas ou calquera dos seus entes ou sociedades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vaia desenvolver, se é o caso, ou porcentaxe máxima do investimento subvencionable establecida no artigo 3º, punto 4.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación, para seu cobramento, o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 13º.-Fiscalización e control.

1. A concesión das axudas ou subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Consellería de Innovación e Industria poderá inspeccionar en calquera momento os investimentos realizados.

Artigo 14º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas ou subvenciones reguladas na presente orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 257/2000, do 21 de novembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-En todo o non recollido nesta orde aplícase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2006.

Fernando X. Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA ADAPTACIÓN DO COMERCIO E ACCESO A NOVAS TECNOLOXÍAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN214A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

1.- DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
EPIGRAFE IAE	ENDEREZO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL ONDE SE LOCALIZAN OS INVESTIMENTOS, LOCALIDADE E PROVINCIA (CAMPO OBRIGATORIO)			
COMUNICAR SE RECIBIU A MESMA SUBVENCIÓN ANO 2004: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON ANO 2005: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		Nº EXPEDIENTE	M² SUPERFICIE COMERCIAL
BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA

E, na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

DESCRIPCIÓN EQUIPAMENTOS	INVESTIMENTO (IVE EXCLUÍDO)	SUBVENCIÓN (NON CUBRIR)
TOTAL		

2.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA)

- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERSONALIDADE OU IDENTIDADE DO SOLICITANTE (DNI OU CIF) E SE É O CASO DA REPRESENTACIÓN EN QUE SE ACTÚA.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO NÚMERO DE TRABALLADORES DA EMPRESA.
- COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓN POSTERIOR NO CASO DE SER UNHA SOCIEDADE.
- CERTIFICADOS DOS IAES EN QUE ESTÁ DADO DE ALTA.
- BREVE MEMORIA DESCRIPTIVA DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR E OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.
- CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE NINGUNHA DÉBEDA POR NINGÚN CONCEPTO COA XUNTA DE GALICIA.
- ORZAMENTO OU FACTURAS PRO FORMA DO INVESTIMENTO.
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA EXPEDIDA POLA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES SOBRE ESTE INVESTIMENTO.
- DECLARACIÓN IRPF OU IMPOSTO DE SOCIEDADES SEGUNDO O CASO.
- DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E DE NON ESTAR INCURSO EN INHABILITACIÓN (ANEXO II).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 15 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de subvencións para a adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo, en desenvolvemento do plano de renovación e mellora do comercio galego.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003

Don/a _____ con DNI nº _____ en calidade de _____
 Comparece como titular ou en representación da empresa _____ con CIF _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado subvencións ou axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
 Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto de solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE	AXUDA RÉXIME MÍNIMIS (SI/NO)

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo comprométo-me a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s subvención/s correspondente/s á presente solicitude.

- Igualmente declaro baixo a miña responsabilidade non estar incursado en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____ de _____ de _____

ANEXO III

Epígrafes do IAE subvencionables

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e desposos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encontren comprendidas entre 120 y 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, periódicos, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixería.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente ampla e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos.

663. Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente.

ANEXO IV

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF / CIF
Nº EXPEDIENTE	ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	

DATOS DO PROXECTO

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	
IMPORTE INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE SUBVENCIÓN

EXPOÑO:

Que ao abeiro da Orde do _____ pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006, das subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do plano de renovación e mellora do comercio galego, presenteí unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto arriba indicado.

Que recibín notificación da concesión pola delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria dunha subvención ao abeiro da devantida orde.

Por todo isto,

ACEPTO a concesión desta axuda, comprometéndome a cumprir todas as condicións establecidas na Orde de convocatoria.

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____ (escribir nome e asinar)

Delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria de _____

Orde do 17 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se acostuman a identificar, senón que constitúen actividades con gran capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista moi longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de maneira eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A innovación, o deseño e a calidade son as bazas coas que conta a artesanía para sobrevivir e facerse forte nun contexto de globalización e elevada competitividade. A estes tres valores vincúlase o com-

promiso da Xunta de Galicia co colectivo artesanal galego, consciente de que o sector debe actuar como un factor de desenvolvemento, de creación de postos de traballo, de asentamento poboacional e xeración de identidade. O obxectivo é facer da artesanía unha actividade de futuro, coa que poidan implicarse os mozos e mozas que desexen dedicarse a un dos nosos oficios.

Cómpre, polo tanto, proceder á instrumentación da concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os talleres e asociacións artesanais, co obxecto de modernizar as súas estruturas produtivas e introducir as novas tecnoloxías, potenciar a formación especializada e a incorporación de novos traballadores, así como fomentar a divulgación dos produtos e a participación dos artesáns en certames profesionais como expositores.

O contido da presente orde axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento